

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO XURADO NOVO DA EDICIÓN OI DE NOVOS CINEMAS

BASES

1) A finalidade desta convocatoria é seleccionar aos futuros membros do **Xurado Novo da Edición OI de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra**, certame que se celebrará entre os días 28 de xuño e 03 de xullo de 2016.

2) O xurado estará composto por cinco persoas que outorgarán o seguinte premio da **Sección Oficial** da **Edición OI de Novos Cinemas**:

-Premio *Screenly* á mellor longametraxe.

*Coa finalidade de favorecer a distribución cinematográfica e a promoción comercial, o filme galardoado con este premio formará parte do catálogo da plataforma SCREENLY <https://screen.ly>

3) Participantes

Poderán participar aqueles membros da comunidade universitaria do **campus de Pontevedra** cunha idade mínima de 18 anos e unha idade máxima de 25 anos.

4) Presentación de solicitudes e documentación

- a) Ficha de inscrición online cumprimentada (<http://www.novoscinemas.com>)
- b) Copia do DNI en formato jpg ou pdf
- c) C.v. abreviado (máximo un folio)
- d) Breve memoria -extensión máxima de 150 palabras- expoñendo as razóns polas que desexa formar parte do **Xurado Novo da Edición OI de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra**.

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO XURADO NOVO

BASES

- e) Crítica -en galego ou castelán- dun filme de libre elección
 - 1. Extensión mínima 700 palabras
 - 2. Extensión máxima 1.200 palabras
- g) Toda a documentación enviarase a info@novoscinemas.com
- f) O prazo de presentación das solicitudes comezará o día 21 de abril e rematará o día 05 de maio.

5) **Selección e comunicación**

A organización do Festival seleccionará 5 candidatos. O festival poñerase en contacto coas persoas seleccionadas e publicará a listaxe na web do festival (<http://www.novoscinemas.com>) e na web da **vicerreitoría do campus de Pontevedra** (<http://campuspontevedra.uvigo.es/>)

6) **Condicións**

-Ser membro do **Xurado Novo** implicará dispoñibilidade total durante os seis días que dura o certame (do 28 de xuño ao 03 de xullo 2016)

-Os membros do **Xurado Novo** comprométese a visionar todas as longametraxes da **Sección Oficial** coa finalidade de emitir un veredicto suficientemente motivado na xornada de deliberación.

-A cada membro do **Xurado Novo** entregaráselle unha acreditación para acceder a todas as sesións de cinema do festival, vales de manutención, así como unha entrada para as galas de inauguración e clausura.